



» PUBLICACIONES «

O IES LUCUS AUGUSTI EDITA UN NOVO NÚMERO DA REVISTA

A publicación súmase ás distintas actividades de conmemoración do 175 aniversario do centro

ESTE É un curso moi especial para o instituto lugués Lucus Augusti. A causa é a data tan especial que celebra, na que se cumpren 175 anos de historia. O Lucus Augusti

bo feixe de alumnos e alumnas colaboradores, que cada ano se reúnen a comezos de curso para dar cobertura e contido ás distintas seccións: Letras Galegas, opinión, entrevista, patrimonio,

cómic, pasatempos, etc.

O seu público son os propios alumnos e as súas familias, así como tamén os profesores e o resto da comunidade educativa, aínda que tamén envían a publicación a

distintas entidades e institucións, polo seu interese para o conxunto da cidade.

O mérito deste traballo, que elaboran na integridade no propio centro —excepto a impresión e algúns aspectos da maquetación— é moi grande, e só pode ser realizado grazas ao grande esforzo das persoas implicadas.

TEXTOS Redacción
FOTOS Pepe Tejero



NÚMERO 32

Índice

Cada ano, a revista do Ies Lucus Augusti ten un núcleo temático: «Lembrar a historia do centro» foi.

lembrou aos docentes máis emblemáticos do centro, entre as que se atopan figuras como Antonio Fraguas, Filgueira Valverde ou Glicerio Albarrán. Tamén abriron o baúl dos recordos co 'Material escolar que xa é historia', onde se puideron ver campañas, enciclopedias 'Alvarez', contos de Calleja, plumas, tinteiros, cabás e moitos outros elementos escolares de antaño. Os cambios que sufriu o instituto tamén puideron repasarse a través dunha exposición fotográfica. Alumnos célebres, mecenas do centro, estudantes homenaxeados nas Letras Galegas foron outros dos proxectos expositivos que este ano axudaron a revisitar a historia do centro.

REVISTA. Un dos momentos máis agardados do ano foi a impresión da revista do Ies Lucus Augusti, que no seu número 32, con data de maio de 2018, estivo adicada á celebración do centenario.

O profesor Anxo Rodríguez é o coordinador desta publicación, que leva publicándose de xeito ininterrompido dende o ano 1986. A revista conta coa colaboración de varios profesores e dun



Un destes colaboradores é José de Cora, director xeral do grupo El Progreso, que co título de 'Iglesia Hermida o alumno estafalario' elaborou un artigo de opinión onde repasou a personalidade peculiar deste escritor e xornalista que «certamente salu ben preparado do instituto lucense».

Tamén colaborou neste número o xornalista e director de Publicidade de El Progreso, José María Álvarez Vilabrille, cun artigo titulado 'A prensa do século XIX' o escenario lucense. A través del, podemos coñecer a evolución da prensa na provincia dende o seu primeiro xornal no ano 1811. Un dos ritos importantes desta evolución foi precisamente a edición de 'A Montera', a primeira publicación en galego, no ano 1889, por parte dun alumno.

O número conta tamén con interesantes artigos e entrevistas feitas polo alumnado.